



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
JGL/2022/5	La Junta de Gobierno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «APROBACIÓN OFERTA EMPREGO PUBLICO 2022»
Data	20 de maio de 2022
Duración	Desde as 10:00 ata as 11:15 horas
Lugar	Despacho da Alcaldía
Presidida por	Rocío López García
Secretario	Begoña González Pedregal

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
76580879X	rocio lopez garcia	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR DE 29/04/22.

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Preguntados os membros da Xunta de Goberno, pola Alcaldía, se tiñan





Concello de Lourenzá

alguna observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior de data vinte e nove de abril do dous mil vinte e dous (29/04/2022), e non habendo nada, o borrador da acta foi aprobado por unanimidade dos presentes.

Expediente 346/2020. SOLICITUDE LICENCIA URBANÍSTICA D^a M^a DARIA TORRENTE SANTE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por D^a **MARÍA DARÍA TORRENTE SANTE**, con NIF.***7347C, con domicilio en Avelino Montero Villegas núm. 14, parroquia de Santa María (Lourenzá), con data 18/06/2020, sendo rexistrada de entrada co núm. 1017/20 para a realización dos traballos consistentes en **SUBSTITUCIÓN DE PIZARRA E CANALÓN** na vivenda unifamiliar sita en Avelino Montero Villegas núm. 14, parroquia de Santa María (Lourenzá) na parcela con Referencia Catastral 7748013PJ3174N0001UF na zona de policía (uns 70 m.), marxe derecha, do rego de Recemil e na zona de servidume, marge derita, do rego de Arroxo así como na zona de afección do Camiño Norte de Santiago e na zona do PEPRI. Acompáñase á solicitude un presuposto das obras a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 12/05/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Urbano Zona PEPRI- Ordenanza Z-1 Centro Histórico 1.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

-As obras solicitadas consisten na retirada da pizarra existente, substituír cangos de madeira en mal estado, colocar pizarra rústica, cumbreiras, revestir de pizarra a cheminea e tapa de granito e canalón.

- O canalón a colocar debe ser de cobre ou zinc-titanio.

- Dado que as obras se atopan na zona de afección do Camiño Norte de Santiago e na zona PEPRI e como se indica no orzamento presentado a substitución do material de cobertura empregase o mesmo material tradicional, lousa irregular non é preciso a autorización da Consellería de Cultura en base á Instrución publicada no DOG de 13/8/2019.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.

- Consta no expediente a Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, expediente DH.W27.79306, de data 01/02/2022, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:





Concello de Lourenzá

- 1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.
- 2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.
- 3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.
- 4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.
- 5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.
- 6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.
- 7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.
- 8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras consistirán nas obras de substitución do tellado e dos canlóns dunha vivenda unifamiliar duns 130m² de planta baixa, un andar e cuberta, construída no ano 1992 segundo o Catastro, no predio con referencia catastral 7748013PJ3174N0001UF, no lugar de Rúa Avelino Montero Villegas núm.14, parroquia de Lourenzá (Santa María) no concello de Lourenzá (Lugo).

As obras afectan á zona de policía do tramo intubado urbano do rego de Recemil, na súa marxe dereita así como á zona de policía do tramo intubado urbano do rego de Arroxo, tamén na súa marxe dereita, regos afluentes do río Baos, da conca do Masma, no predio con referencia catastral 7748013PJ3174N0001UF, no lugar de Rúa Avelino Montero Villegas núm.14, parroquia de Lourenzá (Santa María) no concello de Lourenzá (Lugo).

Segundo a información cartográfica de Augas de Galicia, as obras estarían





Concello de Lourenzá

situadas na zona de policía do rego de Recemil, a uns 70 metros de distancia, e na zona de servidume do rego de Arroxo.

2.- As obras que se autorizan deberán limitarse aos traballos de mantemento sinalados, sen aumentar as súas dimensións nin en forma nin en volume construído e sen que esta autorización supoña a legalización da obra preexistente.

3.- Para a realización dos traballos non se invadirán os leitos públicos con maquinaria nin se vadearán.

4.- Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas na zona de servidume de leitos, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

5.- Evitaranse as escorrentas e enturbamentos das augas, polo que as obras se executarán en época climatolóxica favorable. No caso de ser necesarios durante a execución das obras, implementaranse os sistemas físicos/barreiras que impidan os arrastres de terras e/ou materiais de obra cara aos leitos públicos.

6.- Durante a execución das obras e unha vez rematadas, non se deixarán materiais, acopios ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zonas inundables), nin en lugares susceptibles de incorporarse a el durante as enchentes ou por episodios de choivas.

7.- Durante a execución das obras evitarase o vertido de produtos contaminantes ou materiais da obra cara aos leitos, así como o depósito de calquera material contaminante na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes ou durante os episodios de choivas (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable).

8.- Esta entidade pública non será responsable da solución técnica e estrutural elixida polo promotor.

9.- No caso de que coa execución das obras haxa ocupación provisional o definitiva de parcelas alleas precisárase acordo cos seus titulares.

10.- As obras deberán estar rematadas no prazo de VINTE E CATRO (24) MESES, a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, extinguíndose a validez da presente autorización unha vez transcorrido ese prazo. No caso de non poder executalas no prazo establecido, deberá solicitar prórroga con antelación suficiente á finalización do prazo establecido.

11.- Rematadas as obras comunicaráselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar douscentos catorce euros con oitenta céntimos (214,80) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en sete mil cento sesenta euros (7.160,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.



Cod. Validación: ANN6XZLNWIKATZQ8YWGNN7F5SZ | Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 24



Concello de Lourenzá

Expediente 361/2021. SOLICITUDE PECHE PARCELA D. SEBASTIÁN LÓPEZ FRANCO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenzia formulada por **D. SEBASTIÁN LÓPEZ FRANCO** con NIF.****2742-B, con domicilio en Rosalía de Castro núm. 1-2ºb, parroquia de Santa María (Lourenzá) con data 07/06/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 1041 para a realización dos traballos consistentes en **PECHE DE PARCELA DE 300 METROS CON MALLA METÁLICA** no lugar de Painzás núm. 8, parroquia de Santa María (Lourenzá), con Referencia Catastral 27027B0004010490000LU, na parcela 1049 do polígono 4 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Norte e na zona de policía dun rego innominado.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenzia ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 28/04/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de especial protección agropecuaria.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Retranqueo frontal: 4 metros ó eixo.

- As obras solicitadas consisten en realizar na citada parcela un peche con malla metálica dunha lonxitude de 300 metros.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan proxecto técnico.

- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 26/04/2022, polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.84283, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

- Consta informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural de data 10/09/2021, Núm. Ref. 175/2021, no que literalmente consta:

“As actuacións pretendidas, pola súa escasa entidade, non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos para este tipo de elementos, en particular o relativo á tipoloxía do peche e ao cumprimento das distancias a lindeiros, cauces e rede viaria, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a



Cod. Validación: ANN6X7LNNIKATZQ8YWGN7F55Z | Corrección: <https://concellodeourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 24



Concello de Lourenzá

licenza que puidese corresponder.”

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar setenta e dous euros (72,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en dous mil catrocentos euros (2.400,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 368/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA D^a M^a PAZ OTERO MASEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenza formulada por **D^a. MARÍA PAZ OTERO MASEDA** con NIF.****5642-E, con domicilio en Piñeiro núm. 4, parroquia de San Jorge (Lourenzá) de data 17/06/21, sendo rexistrada de entrada co núm. 1170, para a realización dos traballos consistentes en **RETELLADO DE LOUSA EN EDIFICACIÓN ANEXA Á VIVENDA PRINCIPAL**, sita no lugar de Piñeiro núm. 4, parroquia de San Jorge, con Referencia Catastral 002401900PJ31D0001TZ, na zona de afección do rego de Requeixo e na zona de influencia da estrada LU-122 (Paraxes-Lourenzá), punto kilométrico 30,350, marxe esquerdo.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 28/04/22 a saber:

- Estrita suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Nucleo Rural de Piñeiro.

- Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as alineacións nin volumes existentes

- As obras solicitadas consisten en realizar na citada parcela un peche con malla metálica dunha lonxitude de 300 metros.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan proxecto técnico.

- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 16/07/22 polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.78406, dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

- Consta no expediente a declaración responsable de data 17/06/22 presentada ante o Servicio Provincial da Axencia Gallega de Infraestructuras de Lugo (AXI) con data 22/06/2021, con núm. de rexistro





Concello de Lourenzá

de saída das oficinas municipais 2021-S-RC-607, por estar situada a edificación no punto kilométrico 30,350, marxe esquerdo da estrada LU-122 Paraxes-Lourenzá.

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento sesenta e oito euros (168,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cinco mil seiscientos euros (5.600,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 544/2021. SOLICITUDE DE LICENCIA URBANÍSTICA BEGASA. L.B.T. AÉREA PARA NS 72016 A VIVIENDA EN PAINZAS DE ABAIXO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licencia formulada por **BARRAS ELÉCTRICAS GALAICO ASTURIANAS, S.A. (BEGASA)** con CIF.A33001983 con domicilio en Rúa Ramón María Aller Ulloa núm.9 (27003 Lugo) e na súa representación **D. Juan Miguel Sánchez Alcántara**, con NIF. ****5355R, con data 14/09/2021, sendo rexistrada de entrada co núm. 301 para a realización dos traballos consistentes en **L.B.T. AÉREA PARA NS 72016 A VIVIENDA EN PAINZAS DE ABAIXO** parroquia de Santo María, na parcela con Referencia Catastral 27027B004010520000LU e na zona de influencia de dos regos innominados, para o que acompaña proxecto de data 12 Agosto/21, con núm. 20212656 de 03/09/21 de visado, redactado polo Enxeñeiro Industrial, D. Jorge Sanz Varea, Colexiado núm. 2803 do ICOIIG.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 28/04/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de especial protección agropecuaria.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Consta no expediente a Resolución favorable do organismo autónomo de Augas de Galicia, *Expediente* DH.W27.80186, de data 16/03/2022, no que figuran, literalmente, as seguintes condicións xerais e particulares:

"A.-XERAIS:

1.- As obras que se autorizan son as que se definen na documentación técnica que consta no expediente da clave referida, en canto non resulten modificadas polas presentes condicións.

2.- Outórgase esta autorización sen prexuízo de terceiro, salvando o dereito de propiedade, coa obriga de executar as obras conservando as servidumes legais existentes.





Concello de Lourenzá

3.- Toda modificación das características da presente autorización requirirá a previa aprobación de Augas de Galicia.

4.- A inspección e vixilancia das obras, tanto durante a súa construción como no período de explotación, estarán a cargo de Augas de Galicia, sendo por conta do beneficiario as remuneracións e gastos que por ditos conceptos se orixinen, segundo as disposicións vixentes.

5.- Esta autorización queda suxeita ás disposicións vixentes ou que no sucesivo se diten, relativas a contratos e accidentes de traballo e demais de carácter social, así como en xeral ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de pesca fluvial e ás prescricións específicas que lle sinale o ente competente en materia de calidade medio-ambiental, ante o que responderá do seu cumprimento.

6.- O titular da autorización será responsable de cantos danos e perdas poidan ocasionarse a intereses públicos ou privados como consecuencia das obras que se autorizan, quedando obrigado á súa indemnización e a realizar os traballos que a administración lle ordene para a extracción dos cascallos vertidos ó leito durante a execución das mencionadas obras. Será tamén responsable da conservación en bo estado das obras e instalación que se autorizan.

7.- Esta autorización poderá ser revogada polo incumprimento da calquera das súas condicións e nos casos previstos nas leis, declarándose a revogación por resolución motivada de Augas de Galicia, quen poderá adoptar as medidas que considere necesarias para garantir as condicións normais de desaugue e o respecto as servidumes legais.

8.- Esta autorización é independente de todas aquelas que, en virtude das disposicións legais vixentes, teñan que ser outorgadas por outros organismos ou administracións, e, en particular, da licenza municipal de obras.

B.-PARTICULARES:

1.- As obras solicitadas consistirán na execución dunha liña de baixa tensión (LBT) aérea para conexión a unha vivenda. As obras máis próximas ao rego afectan ao predio con referencia catastral 27027B00401052; no lugar de Painzas de Abaixo, parroquia de Santa María de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

En resumen as obras a executar serían:

a) Montaxe dun tendido aéreo de 36 m de condutor RZ 0.61/1KV 3X95+54.6 Al Tramo A-B.

b) Desmorte dun vano de 21 m de condutor RZ 0.61/1KV 3X25+54.6 Al Tramo A-D.

c) Desmorte dun vano de 99 m de condutor RZ 0.61/1KV 3X50+54.6 Al Tramo A-F.

d) No plano núm.4 alude á desmorte dun apoio de formigón (denominado coa letra E) e a instalación dun novo apoio de formigón tipo HV 11/400 (denominado coa letra B).

As futuras obras situaranse na zona de policía da marxe esquerda dun rego innominado (id visor 10037732416) a aproximadamente 88,98 metros do punto máis cercano das obras segundo a documentación técnica presentada. Tamén se comproba sobre o terreo que as futuras obras situaríanse na zona de policía da marxe dereita doutro rego innominado a





Concello de Lourenzá

unha distancia de 70 metros.

2.- A execución das obras non afectará ao cumprimento das funcións da zona de servidume de leitos (5 m. medidos a partir do bordo ocupado polas augas nés máximas enchentes ordinarias), quedando en todo caso expedita.

3.- No caso de que, unha vez executada a roza da superficie do predio, se aprecien indicios de existencia de bens constitutivos do dominio público hidráulico segundo o artigo 2 do Regulamento do Dominio Público Hidráulico (ex. Rios, regos, mananciais, humedais, turbeiras, etc.) que non foran advertidos durante a visita da Gadería Fluvial, a estes bens daráselles o mesmo tratamento de respecto íntegro e aplicaranse as mesmas condicións indicadas neste informe para a execución dos traballos con respecto aos bens de dominio público xa identificados.

4.- Para a realización dos traballos non se invadirán nin se vadearán os leitos públicos con maquinaria.

5.- Non se executará a corta de exemplares de especies arbóreas da vexetación de ribeira, salvo que se dispoña da previa autorización do organismo de conca.

6.- Evitaranse as escorrentías e enturbamentos das augas, polo que as actuacións se executarán en condicións climatolóxicas favorables.

7.- As obras solicitadas non modificarán os puntos de entrada e saída dos fluxos de augas que poidan chegar ao predio procedentes doutros predios superiores, debendo resolverse a circulación das augas dentro de mesmo predio e sen establecer maior gravame do existente a terceiros.

8.- Durante a execución das obras e unha vez rematadas as obras, non se deixarán materiais, acopios ou residuos no cauce nin nas súas inmediacións (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zonas inundables), nin en lugares susceptibles de incorporarse a él durante as enchentes ou por episodios de choivas.

9.- Durante a execución das obras evitaranse o vertido de produtos contaminantes cara aos leitos, na zona de servidume de leitos ou en calquera lugar que poda ser alcanzado polas enchentes (zona de servidume, zona de policía, zona de fluxo preferente e zona inundable) tendo especial coidado cos materiais de construción utilizados.

10.- En todo caso debe quedar garantido o cumprimento dos valores admitidos para os parámetros que determinan a calidade mínima esixible ás augas e a consecución dos obxectivos ambientais para a masa de auga segundo o Plan Hidrolóxico Galicia Costa 2016-2021 así como os preceptos do Real Decreto 817/2015 de 11 de setembro por el que se establecen los criterios de seguimiento y evaluación del estado de las aguas superficiales e las normas de calidad ambiental e o Real Decreto 1514/2009, de 2 de outubro, por el que se regula la protección de las aguas subterráneas contra la contaminación y el deterioro.

11.- No caso de que para a execución das obras sexa necesario a colocación de maquinaria, estadas ou estruturas auxiliares temporais similares adoptaranse as medidas necesarias para asegurar a estabilidade dos mesmos e non se situarán na zona de servidume de leitos nin na zona de fluxo preferente, e preferentemente fora das zonas inundables.

12.- As obras, unha vez finalizadas, non variarán a topografía nin as cotas





Concello de Lourenzá

de superficie do terreo existente.

13.-Esta entidade pública non será responsable da solución técnica, e estrutural elixida polo promotor.

14.- Os cascallos procedentes da obra xestionaranse segundo a normativa aplicable.

15.- No caso de que coa execución das obras haxa unha ocupación provisional ou definitiva de parcelas alleas precisárase acordo cos seus titulares.

16.- En todo caso, este informe emítese sobre a documentación presentada polo promotor e que forma parte do expediente. Neste sentido, o promotor faise responsable da veracidade dos datos e da documentación presentada.

17.- Unha vez rematadas as obras ou durante a súa execución, en todas aquelas zonas que dalgún xeito sufrisen unha degradación (tránsito de maquinaria pola zona de policía) procederase a súa rehabilitación, descontaminando a terra, se fora preciso, aportando terra vexetal, sementando, plantando, etc. ata conseguir a súa situación primitiva.

18.- O prazo para a realización das obras é de vinte e catro (24) meses, contado a partir do día seguinte ao da notificación da presente resolución. Finalizado este prazo extingúese a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo.

19.- Rematadas as obras comunicáraselle a Augas de Galicia, que procederá ó seu recoñecemento final nos casos en que o considere oportuno.

- Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 13/10/2021, Núm. Ref. 184/2021, en el que literalmente consta:

“Pola súa escasa entidade, as ditas actuacións non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder.”

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar quince euros con trinta céntimos (15,30) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cincocentos nove euros con noventa e nove céntimos (509,99). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Expediente 194/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA URBANÍSTICA LUCIDO TERRAZA D^a ANGELES RIVAS REIGOSA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenza formulada por D^a. **ANGELES RIVAS**





Concello de Lourenzá

REIGOSA con NIF.****0248-B, con domicilio en C/Robledal núm. 18 (28122 Madrid) con data 07/04/2022 e que tivo entrada nas oficinas municipais o día 12/05/2022, sendo rexistrada de entrada co núm. 663, para a realización dos traballos consistentes en **ACABADOS EXTERIORES EN VIVENDA (LUCIDO TERRAZA, REVESTIMIENTO, SOLO E COLUMNAS DA CITADA TERRAZA** na vivenda sita no lugar de Bouza da Viña núm. 4, parroquia de San Xurxo, parcela 558 do Polígono 3 da Zona de Concentración Parcelaria de Lourenzá Sur, con Referencia Catastral 27027C003005580000DG, e na zona de afección dun rego innominado.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 12/05/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico de especial protección agropecuaria .

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as alineacións nin volumes existentes.

- Estas obras pola súa escasa complexidade non necesitan Proxecto Técnico.

- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 10/05/2022, polo que se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.84593 , dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

-Consta no expediente informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 20/04/2022, con Núm. Ref. 115/2022, no que literalmente consta:

"As actuacións pretendidas de na vivenda, pola súa escasa entidade non supoñen un menoscabo dos resultados do proceso concentrador dado que afectan unicamente a unha construción e non á parcela na que se ubica, polo que por parte deste Servizo de Infraestruturas Agrarias non se formula oposición, sen prexuízo dos demais informes, autorizacións e permisos que conforme a lexislación vixente deban prestar outras administracións ou organismos públicos competentes e sen entrar a valorar o cumprimento dos requisitos urbanísticos, o que corresponderá ao órgano competente para conceder a licenza que puidese corresponder."

- Prazo de execución: Inicio: 6 meses./ Finalización: 12 meses.

Igualmente aprobouse a liquidación de Secretaría-Intervención do imposto de Construcións e Obras, segundo a cal deberá abonar cento cincuenta euros (150,00) o cal supón o 3% do orzamento da obra fixado en cinco mil euros (5.000,00). A autorización enténdese concedida deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.





Concello de Lourenzá

Expediente 116/2022. SOLICITUDE DE LICENCIA URBANÍSTICA D. LUIS ANTONIO MARFUL ROZAS. RENOVACIÓN CUBERTA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de licenza formulada por **D. LUIS ANTONIO MARFUL ROZAS** con NIF.****3073-L, con domicilio no lugar de Barboriña núm. 3, parroquia de San Xurxo (Lourenzá) con data 02/02/2022 sendo rexistrada de entrada co núm. 223 para a realización dos traballos consistentes en **RENOVACIÓN DE CUBERTA DE ALPENDRE** na vivenda sita no lugar de Barboriña núm. 3, parroquia de San Xurxo (Lourenzá) parcela con Referencia Catastral 000402500PJ31B0001IE, na zona de afección dun rego innominado. Acompaña presuposto da obra a realizar.

Vista a documentación presentada así como os informes xurídico e do Técnico Municipal, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA:

1.- A autorización da obra solicitada.

2.- Condicionar a efectividade da licenza ás seguintes limitacións ou restricións específicas, segundo consta no informe do Arquitecto Técnico Municipal, D. Francisco Damián Pérez Rodríguez de 16/05/22 a saber:

- Estricta suxeición ao solicitado.

- Normativa aplicable: Solo Rústico.

-Tomaranse as medidas oportunas tendentes a garantir a seguridade de persoas, animais e cousas.

- Non se alterarán as alineacións nin os volumes existentes.

-As obras solicitadas consisten na substitución retirada da pizarra existente no citado alpendre por unha nova e pola súa escasa complexidade non necesita proxecto técnico.

- Consta no expediente a comunicación de Augas de Galicia, de data 05/04/2022, polo se informa da presentación da Declaración Responsable para a execución de ditas obras, Expediente DH.W27.83504 , dentro do dominio público hidráulico e zona de policía e que dita declaración cumpre co disposto no Decreto 42/2020 de 30 de xaneiro polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, no punto 6 da súa disposición adicional segunda (actuacións menores de mantemento e conservación).

Visto que no expediente figura tamén o informe favorable da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural da Consellería de Medio Rural, de data 04/03/2022, no que literalmente consta:

